

# BANDO

JOSE MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE PARADELA (LUGO).

Pon en coñecemento de tódalas persoas interesadas que se atopa aberto o prazo de solicitude do **PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL (BALNEARIOS) PARA O ANO 2020, dependente do IMSERSO**, para as persoas que non pediron este programa na anterior convocatoria. **Para os solicitantes do ano pasado o IMSERSO enviará ao seu domicilio un modelo para a renovación.**

Os **REQUISITOS para acceder a dito programa son:**

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista de viuedade con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.
- Non padecer alteracións do comportamento e valerse por si mesmo

**As quendas terán unha duración de 10 ou de 12 días, que comprenden os seguintes SERVIZOS:**

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en habitación dobre.
- Tratamento termal e Póliza colectiva de seguro
- Os desprazamentos aos establecementos termais e o regreso é por conta do beneficiario.

O prazo de solicitude para ir nos meses de ***Febreiro a Agosto***, remata o **día 10 de xaneiro de 2020** (ou ata o 14 de maio para a inclusión na lista de espera)

O prazo de solicitude para ir nos meses de ***Setembro a Decembro***, remata o **día 15 de maio de 2020** (ou ata o 30 de outubro para a súa inclusión na lista de espera)

Para máis información e tramitación da solicitude poderán acudir aos servizos sociais deste Concello.

Paradela, na data da sinatura á marxe.

O Alcalde

Concello de Paradela

